



A cabeza de Medusa, Marilar Aleixandre

Terase en conta:

- *Presentación.*
- *Correcta ortografía e expresión.*
- *Lectura comprensiva.*
- *Reflexión.*
- *Respostas orixinais (o tipo de preguntas non dá lugar á coincidencia nas respostas de varias persoas).*

1. Escolle tres personaxes (principais ou secundarios):
 - a) Descríbeos (física e psicolóxicamente) apoiándote en exemplos extraídos do libro.
 - b) Resume algún episodio, acontecemento... no que interviñera cada un deses personaxes.
 - c) Describe a relación entre eses tres personaxes se a houberse.

2. De todos os personaxes do libro:
 - a) Cal cres que ten reaccións (ou pensamentos) máis parecidas ás que terías ti se te atoparas na mesma situación? Por que?
 - b) Cal cres que é o que se afasta máis da túa personalidade? Por que?

3. Escolle dous espazos (abertos ou pechados) que aparezan no libro, descríbeos achegando exemplos extraídos do libro e resume algún acontecemento que tivera lugar en cada un deses dous espazos.

4. Analiza o narrador: está en primeira ou terceira persoa? É omnisciente (coñéceo todo sobre os personaxes)?... Xustifica sempre as túas afirmacións con exemplos extraídos do texto.

5. En que época ou épocas cres que se desenvolve a historia? Exemplifica a resposta con exemplos da obra.

6. Escolle tres episodios, momentos, situacións... que che chamaran a atención, resúmeos e explica a razón desa escolla.

7. Opinión persoal razoada: Que che gustou máis? Que che gustou menos? A que tipo de persoas o recomendarías (se é o caso)? Que cambiarías? Lémbrache a outros libros, películas...? Relación co mundo actual?...
Redacta unha resposta cohesionada, non debes ir contestando a cada pregunta por separado.